

TELÉFONOS MÓBILES NAS ESCOLAS. PROHIBINDO NON SE EDUCA

Actualmente, no panorama español e internacional están a aparecer numerosos artigos, reportaxes e novas sobre os males psicolóxicos, físicos e académicos que están a provocar as tecnoloxías dixitais nas novas xeracións de nenos/as e mozos/as. Xorden tamén movementos de nais e pais preocupados polos efectos nocivos das tecnoloxías — uso excesivo e adiccións dixitais, consumo de contidos pornográficos, ciberacoso, ausencia de comunicación e interacción social directa con outras persoas...— que poñen sobre a mesa a prohibición do uso do móbil na infancia e adolescencia, tanto no ámbito escolar como no familiar.

Varios gobernos autonómicos de España regularon xa a prohibición do uso de teléfonos móbiles e outros aparellos no seu sistema escolar. Esta normativa contempla que excepcionalmente se poidan utilizar con fins educativos, pero a norma xeral é evitalos. Esta mesma lexislación prohibicionista tamén se está a dar nalgúns países europeos que, no seu momento, foron impulsores da dixitalización dos centros educativos. Países Baixos, Suecia, Francia ou Italia, entre outros, comezaron a regular a limitación ou prohibición do uso das tecnoloxías móbiles por parte do alumnado, nas aulas ou durante o tempo que pasa nos centros educativos.

O preocupante —e criticable— é que este conxunto de normas administrativas se propoñan e se apliquen sen ofrecer medidas de actuación educativa para solucionar o problema. Subxace a crenza, claramente inxenua, de que vetando ou prohibindo a presenza das tecnoloxías móbiles nos espazos escolares, os menores estarán protexidos, dun xeito case máxico, dos efectos nocivos destes dispositivos. Ademais, asúmese que prohibir o seu uso en horario escolar producirá a mellora da aprendizaxe, así como a neutralización de fenómenos indesexables como o ciberacoso, a tecnodependencia, a falta de concentración nos estudos ou o consumo de contidos inadecuados para a infancia e a adolescencia.

O negacionismo ou prohibicionismo dixital propón o debate sobre tecnoloxía e a educación dun xeito simplista ou maniqueo, e non estimula a busca de respostas educativas dirixidas a superar os efectos nocivos das tecnoloxías no alumnado —falta de atención, illamento, ansiedade, comunicacións tóxicas, desinformación, acceso a contidos violentos ou pornográficos etc.—.

A crítica ao prohibicionismo dixital non supón que se defenda o *laissez faire* ou a desregulación do uso das tecnoloxías por parte dos nenos e adolescentes cando e onde queiran. O que se cuestiona é a imposición levada a cabo desde instancias alleas ás aulas e aos centros educativos, nomeadamente as político-administrativas, de forma que se establezan normas ou preceptos absolutos e xeneralizados sobre o uso ou prohibición das tecnoloxías no ensino de todos os centros educativos do territorio. Facelo é impoñer un único criterio —decidido por órganos burocráticos— sobre como debe actuar o profesorado en relación ao uso didáctico dos dispositivos tecnolóxicos.

O que é urxente e necesario é articular medidas educativas desde diferentes ángulos, sectores e institucións —Consellería de Educación, institucións locais, asociacións de base etc.— ante os complexos e preocupantes problemas que en distintas ocasións se xeran polo uso excesivo e abuso das tecnoloxías na infancia e na mocidade. Prohibindo a tecnoloxía nas escolas non se resolven os problemas e disfuncións que esa tecnoloxía provoca. Prohibindo non se educa. ■

(Editorial elaborado sobre un texto base escrito polo profesor Manuel Area)